

Compostela, 26-IV-76

Querido Luis:

A "Asociación Amigos da Cultura" de Pontevedra quixo conmemorar o ano pasado o 25 aniversario da morte de Castelao. Con tal motivo pedíronme que dese alí unha conferencia o día 7 de xaneiro, que se celebrou no local do antigo "Café Moderno". Segundo me informou o Mado Torres, a mesa desde a que eu falei estaba xusto no lugar onde Castelao e os seus amigos tiñan a tertulia cotián. Por ser en Pontevedra, por ser naquel lugar e por que estaban presentes bastante amigos de Castelao, o acto resultou moi emotivo. Pedíronme o texto da conferencia para publicala. Logo deron na trébole de editala en galego, castelán, catalán e euskera, do que retrasaron moito a publicación. Saíra' agora, aos dezaseis meses de ser pronunciada. Acabo de recibir uns cantos exemplares e mándoche un por avión. Producíame grande alegría poder mandarche algo meu; Reibo tantas e tan valiosas cousas tuas!

Apertas nosas para os dous

Ramón